

1

Francisco Xabier Puente Docampo, coñecido popularmente como Xabier P. DoCampo, nado en Rábade o 5 de abril de 1946, foi mestre, escritor, contacontos, actor de teatro, guionista e promotor da lingua e a cultura galega, ademais de animador á lectura e experto en bibliotecasescolares.

Traballou como mestre en varios colexios e durante oito anos en Preescolar na Casa. Sempre relacionado cos movementos de renovación pedagóxica, pertenceu ao Consello de Redacción da Revista Galega de Educación. Deu cursos a profesores e relatorios en congresos sobre a didáctica da lingua e a literatura, sobre a lectura e a súa implantación escolar e social, sobre a narración oral, a súa estrutura, a súa influencia na literatura escrita e a súa utilización didáctica, tanto en Galicia coma fóra. Escribiu libros de texto para a escola e obras de ensaio didáctico e pedagóxico. Foi tamén actor e director de teatro e colaborou durante sete anos en Radio Nacional de España en Galicia como guionista e como director de programas de diverso tipo e formato.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Trátase dun dos grandes renovadores da literatura infantil-xuvenil galega.

En 1995 obtivo o Premio Nacional de literatura infantil e xuvenil por *Cando petan na porta pola noite*, seleccionada así mesmo como unha das cen mellores obras do século XX español, segundo a Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

A súa tarefa pedagóxica intégrase na chamada *Nova Escola Galega.

**Nova Escola Galega é un movemento asociativo de base que ten como finalidade impulsar o traballo de renovación pedagóxica e de galeguización lingüística e curricular do sistema educativo de Galiza, por medio da agrupación e cooperación de todos aqueles ensinantes e persoas sociais e colaboradoras que pretenden contribuír coa súa acción e reflexión á construción dun sistema educativo galego, público e democrático. Foi fundado o 11 de xuño de 1983 en Santiago de Compostela.*

Participou activamente na creación da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, formando parte da súa Xunta directiva durante cinco anos, dous deles como presidente. Tamén pertenceu ó Consello de Redacción da Revista Galega de Educación.

Colaborou semanalmente no programa da Radio Galega *Un día por diante* cun comentario literario.


Xabier P. Docampo, **fíxose escritor porque tiña memoria de sí e dos seus**. Porque habitou a lingua e a infancia, as dúas patrias do ser humano. E cando lle preguntaban polas súas lembranzas botaba a falar e non paraba...

Xabier P. DoCampo falecía na Coruña o día 26 de xuño de 2018.

Seguiremos petando na porta da lembranza!




Biblioteca e Centro de Documentación da Muller "Rosalía de Castro". Centro Cultural "As Torres". Avenida Emilia Pardo Bazán, 17. 15179 – Santa Cruz (Oleiros) Tfno.: 981 626338 Fax: 981626338 Email: biblioteca.santacruz@oleiros.org
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>





Imos con algunha entrevista...

asociación de **escritoras
escritores**  en lingua galega



Entrevista a Xabier P. DoCampo en Palavra Común

ENTREVISTA

3

“- Palavra Comum (P): **Que é para ti a literatura?**

– Xabier P. DoCampo (XPD): Toda a literatura, a que les e a que escribes (que é outra forma de ler: lerte) é “un esforzo por facer real a vida” (Pessoa dixit). A iso me acollo, ao desexo de atopar unha realidade que se me oculta, que me elude e que procuro na palabra, no texto, na narración ou no poema como lugares nos que habita unha realidade que ameaza esvaerse, que, de non ser pola literatura (e pola arte en xeral), fuxiría de nós afundíndose na nada. A min a literatura sálvame desa nada. (...)

– P: **Como entendes (e levas a cabo, no teu caso) o proceso de creación literaria e, em geral, a artística?**

– XPD: Non sei explicalo. As cousas suceden e entro nunha combinación entre deixarme levar e, ao mesmo tempo, pelexar co texto para facelo propio. Teño unha intuición do que quero escribir e unha loita con como quero dicilo. Poño un exemplo. Canto máis sei dunha novela, do seu argumento, da súa trama, máis traballo me custa escribila.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPO A



Necesito que me vaia sorprendendo, preciso ver como se vai construíndo diante de min mentres eu pelexo coa linguaxe e esta vaise apropiando do proceso da escrita e facéndose creación. En fin, eu que sei como raios é isto? Ten moito de misterio... por iso me gusta tanto facelo. (...)

– P: **Que camiños entendes que sería interesante transitar na literatura e nas artes, en xeral, nomeadamente na comunicación com o público e a sociedade, hoje?**

4

– XPD: Isto é moi doado de responder: facer boas obras. A boa obra prevalece por enriba de calquera atranco. Despois temos que nos facer donos dos medios de comunicar as obras ao público e iso só é posíbel con soberanía nacional, único xeito de poñelas á par con calquera obra universal. Se non somos donos de nós seremos sempre alimento da colonización cultural (e da outra, pero non é do que ando a escribir aquí hoxe).

– P: **Que visión tens sobre a literatura galega?**

– XPD: Véxoa cos mesmos criterios que vexo calquera outra literatura, por tanto nela hai clásicos que leo con devoción e novidades entre as que hai cousas que me gustan máis e outras que me gustan menos. Vista como tal, coma unha literatura plena, debemos fornecela cada día de máis lector@s, para iso necesitamos o concurso e a axuda da escola, porque é aí onde a persoa ten o primeiro contacto coa lectura literaria, o lugar onde se fan @s lector@s do presente e do futuro. Se @s nen@s e mociñ@s se achegan, ben orientados por un profesorado competente e con boa disposición cara á nosa lingua, á literatura galega, serán lectores de literatura galega toda a súa vida. Mais agora mesmo a lexislación educativa está nas mans de persoas e institucións que teiman en lexislar en contra da súa propia lingua e cultura, supoño que os nosos esforzos deben dedicarse a librar ao país dese persoal lingüicida. (...)"



Xabier P. DoCampo :

“É o mundo a través da inocencia dunha nena”

ENTREVISTA

5

O escritor galego, autor do libro “Cando petan na porta pola noite”, co que gañou o Premio Nacional de literatura infantil e xuvenil, aterriza en A Coruña para presentar o seu novo libro “A nena do abrigo de astracán” . (9 DE DECEMBRO DE 2017)



En qué se inspirou ao escribir a novela?

No coñecemento dunha nena que contaba películas á súa madrastra. Pero fóra de ahí foi a miña imaxinación a que me deu a inspiración, sobre todo ao contar unha historia que acontece nos anos 40. Esta etapa é moi inspiradora.

Como foi o proceso de creación do libro?

Foi moi longo. Foi un proceso de quince anos e medio. Hai moita reflexión e moitísima documentación. Comecei creando unha trama, pero ao longo do tempo iba cambiándoa, igual que a súa estrutura. Debido a estes cambios e a un profundo traballo de documentación, foi un proceso longo pero moi enriquecedor.

Cara que tipo de público está dirixida a obra?

Cara todo tipo de público, pero especialmente ao público adulto. É unha novela de 400 páxinas e ten unha temática que non creo que entendesen os nenos.



Sinala a Susana como “a nena que todo o ve”. A que se refire con isto?

Susana vive nunha vila na que suceden moitos acontecementos, e ela está en medio de todos eles. O que ocorre e que cando eses mesmos acontecementos os ve un neno, o fai a través da inocencia, sempre tendéndose a ocultar en algo, e neste caso Susana o fai a través do cinema.

Diría que a través da inocencia infantil se coñece mellor o mundo?

O mundo se coñece grazas á inocencia dos nenos e á sabiduría dos vellos.

Que papel xoga o cine na obra?

O cine se mostra como a cousa máis marabillosa que nunca existiu. Grazas a el se mostra a trama da novela, hasta o punto de que cada capítulo é o título dunha película de cine.

Que ensinaza lle gustaría transmitir?

Que a xente fose consciente do mal no mundo, recoñecendo os nosos erros para poder arremedialos.





«A proba de que a posguerra non está esquecida é que non somos capaces de enfrontarnos a ela»

Entrevista con Xavier P. DoCampo



«Tratamos de que as vítimas permanezan nas cunetas. Ninguén pode esquecer se viviu escoitando aos seus pais falar da desaparición de alguén do que nunca se soubo máis»

7

A vida na posguerra nunha vila galega, Ribadeínsua, e dunha pequena que escapa da súa maldade a través do cinema é a protagonista da última novela de Xabier DoCampo, *A nena do obrigo do astracán*. A obra [é] unha das poucas do autor dirixidas ao público adulto [rematada despois de máis dunha] década de traballo que o autor ten botado inmerso nela.

Quince anos de escritura para rematar esta novela. Vostede di que non se podía facer en menos. Eu concretamente non puideren! É certo que no medio escribín outras dúas, pero estiven durante todo ese tempo dándolle voltas a esta historia. A estrutura foi complicada, e necesitei unha documentación amplísima, que me levou moito tempo conseguir. Vin máis de setenta películas que puideran entrar na novela! Todo iso vai alongando.

Pensou en deixala?

Pregúntasmo agora e decátome. Nunca pensei en abandonar esta novela, o que si cheguei a pensar é que ao mellor non era quen de escribila [ri], que é totalmente distinto.



A obra sitúase nuns anos corenta que vostede tamén viviu, axudouse das súas vivencias para recrear o ambiente?

Si. Eu nacín no 46, pero recordo todo canto poño alí. Ribadeínsua é unha especie de Macondo que eu creo a base das vilas da miña infancia, e de onde fun sacando as miñas vivencias daquel tempo.

Nese ambiente vive Susana, a nena do abrigo de astracán. Teño entendido que existiu.

Si. A min regaláronme un libro de fotos da vila onde nacín.

Alí vin unha fotografía, falei co amigo que a puxera no libro, e el contoume a historia desa nena que ía tanto ao cine. Iso foi polo ano 2001. No 2002 púxenme a traballar, e tiven unha entrevista con ela de onde saquei preto de tres horas de gravación



Que lle chamou tanto da imaxe como para dar pé a unha novela como esta?

A fotografía é impresionante. Cando a vin, estaba a miña muller ao meu lado, e o primeiro que lle dixen foi: “A que nunca viches unha nena máis triste ca esta?”. Desa tristeza é de onde quixen tirar.

Ela é a protagonista, pero podería dicirse que o verdadeiro eixo da historia é o mal.

Claro. Hai un momento no que me decatei de que esta nena está vivindo no medio dun mal que se apoderou de todos os habitantes desta vila despois da guerra. No medio do silencio, a negación, o axuste de contas? E con elementos como a Igrexa, que pretendía conquistar o poder. Ese mal era o que eu quería pór de manifesto, porque penso que a maldade existe, que somos os seres humanos os que nos portamos dun xeito ou doutro e que somos responsables.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



A súa obra é relacionada con outra que escribiu hai uns anos, *Cando petan na porta pola noite*, pola súa reflexión sobre a culpa. É un tema que lle interesa?

Si. É unha cuestión que está moito no meu pensamento, a culpa e o remordemento. Con algúndos contos de *Cando petan na porta pola noite*, ten esa relación de recoñecer o mal e de verque existe. É un elemento que está en toda a vida que vivín. Sempre recoñecín o mal e o ben e, por tanto, tiven a oportunidade de optar por unha maneira ou outra de actuar. Supoño que todas esas persoas que eu retrato tamén a tiveron, e optaron pola maldade.

Tamén lle interesa a memoria. Temos esquecido o período da posguerra?

A proba de que non está esquecido, por máis que de cando en vez se diga, é que non somos quen de enfrontarnos a el, e que tratamos de que permanezan nas cunetas aínda as vítimas do mal que houbo. Iso é un xeito de ter unha actuación absolutamente indigna, é negarlles o recordo e a memoria. Moitas veces se ten falado do esquecemento e o perdón. Ben, todos os perdóns que queiras, pero unha vez que puxeches as cousas na situación de seren esquecidas. Ninguén pode esquecer se toda a vida viviu escoitando aos seus pais ou veciños falar da desaparición de alguén do que nunca se soubo máis. A memoria actúa dentro da culpa, roe e corroe ata que alguén se enfronta ao recordo como o ten que facer, con humildade e recoñecemento da dignidade da vítima.

[Fonte: La Opinión de A Coruña](#)





O que dixo a crítica...

A nena do abrigo de astracán

Xoán Carlos Domínguez Alberte

Profesor de ensino público e escritor

3 de marzo de 2018

10

Un deses libros nos que se gorenta o gusto demorado pola lectura é *A nena do abrigo de astracán*, derradeira produción narrativa de **Xabier Docampo**, de fondo alento. Obra vagarosa na súa construción, o resultado é un produto literario que serve para botar luz nunha época marcada polas tebras.

A posta en escena lévase a cabo apenas transcorrido un decenio do masacre incivil que principiara a mediados do 36, no universo simbólico que constitúe a vila de Ribadaínsua. Un espazo de ficción onde se desenvolven uns dramáticos feitos, reais no denominador común do padecemento e da humillación de moita xente, de carne e óso, durante interminábeis décadas.

A propósito do espazo narrativo da historia, cómpre observar que é, en concreto, o propio lugar, a nomeada vila, a que se constitúe en protagonista e voz narradora do acontecido. Unha atinada e anovadora estratexia que semella servir de imprescindible elemento de enmarque para subliñar a frialdade dos afectos, coral e despersonalizadora, de toda unha época; de dominación, marcada, ao abeiro da orfandade, pola autarquía elemental da supervivencia da condición humana.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



É, en concreto, o propio lugar, a nomeada vila, a que se constitúe en protagonista e voz narradora do acontecido. Unha atinada e anovadora estratexia. De aí que, no relato dos feitos, opere, a xeito de punto de fuga dunha irrespirábel atmosfera abafante, a recorrente presenza do sobrenatural —no fondo do espello ou no misterio dos faiados— no imaxinario popular, constringido pola ferinte coroa de espiñas do dogmatismo e da tamén implacábel intolerancia relixiosa. Ou asemade o contrapunto liberador, das modernas influencias culturais, representado na capacidade de evasión dunha realidade por completo hostil, que exerce o cinema na adolescente protagonista.

11

Así as cousas, a orde establecida imposta —non polos vencedores da guerra, no espazo galego, onde non houbo, senón polos executores da barbarie, que aquí tanto abondou— caracterizouse por unha realidade aparente, encubridora da mutilación, do medo ou da soidade, coma a impecábel estampa do retrato da cuberta.

Mais, por baixo desta capa de maquillaxe dunha falsa imaxe pefecta, latexa o auténtico pulso encuberto do sangue do pobo. Sobre quen -coa potestade suma do amparo da lei humana e da lei divina- se exerce a máis absoluta crueldade. Manifesta en múltiples rostros marcados pola marxinação: como a submisión da muller, o roubo de crianzas, a educación fascista, a delación, a pederastia ou as enormes desigualdades sociais.

Un universo reducido de horizontes pechados no que a xente era condenada a base de pecados de pensamento, obra e omisión. No que a loucura vale para fuxir de tanta asfixiante censura. E no que, dende logo, a salvación xa se conseguía mediante a penicilina, iso si, só ao alcance dos que tiñan poder.

[OPINIÓN](#)



lecturafilia 

A nena do abrigo de astracán

12

Susana é unha nena á que lle encanta ver películas e comentalas coa súa madriña. Ambas viven nunha vila galega chamada Ribadaínsua neses anos duros da posguerra española, cando as persoas estaban separadas en bandos opostos. Ela, unha meniña que queda orfa, chega un día a ese lugar para vivir coa súa madriña, unha muller que agocha as súas ideas franquistas e que distingue a miúdo entre clases baixas e poderosas. Ese fío invisible que se opón entre as dúas é o mesmo que separa aos veciños e veciñas desta vila que, aínda que inexistente, con moitos trasuntos na realidade galega daqueles anos difíciles. Foron as últimas palabras literarias do novelista Xabier P. Docampo quen, pouco tempo despois de escribir *A nena do abrigo de astracán*, deixounos orfos.

Esta novela, merecedora do **Premio da Crítica neste 2018**, percorre as distintas circunstancias da opresión, a diversidade de persoas que sobreviven neses anos e que centran as súas enerxías en cometidos banais nos que agochan uns desexos impostos de vinganza, como cando se lle planta lume á vivenda dunha muller á que toda a veciñanza cre bruxa, ou cando un home se aforca nun castiñeiro porque non se sente seguro pola súa sexualidade, etc. As personaxes que atopamos aquí son vítimas desa opresión silenciada, e todas elas representan a unha nación que dende aquela foi obrigada a ficar calada, a non falar sobre o sufrimento nin sobre cuestións que era mellor enterrar e non desvelar xamais. Ao redor delas, o autor vai falando tamén dos verdugos, dos que creron no sistema e asolagaron as ilusións e vidas dos seus veciños e veciñas.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Xabier P. Docampo volve indagar na parte máis infantil e inocente das persoas co fin de empuxarnos á reflexión máis cruenta sobre unha historia da que aínda nos quedan moitas lembranzas que rescatar do esquecemento. En Susana atopamos esa descuberta da idade adulta, na que a inocencia deixa paso, de forma obrigada, á face máis amarga da realidade. Precisamente, ese camiño de coñecemento reflíctese á perfección nesa forma que a nena adopta para falarlle á madriña das películas que cada domingo ve no cinema da vila. Ela, consciente cada vez máis de que os dous mundos están moi separados, decide ir modificando os filmes para que a madriña non lle prohiba velos por tratar certas cuestións problemáticas ou opostas ao sistema. Unha idea por certo, a do cinema, moi potente, xa que a través das diferentes películas, vaise tecendo un fío condutor moi interesante, que nos leva a coñecer de preto a influencia do cinema na transmisión de determinadas ideas, e máis cando antes de cada filme se pasaba a emisión do **NODO**.

13

“Esta vila é pequena, coñecemos todos a historia de todos. Aquí ás caladas pasaron cousas terríbeis, como en tantos sitios, pero sempre se viviu coma se non pasase nada. Todos calaron, mesmo os que sufriron calaron tamén. Era coma se un trebón nos pillase a todos no medio do monte, sen lugar onde agocharnos e todos nos fomos enchoupando, pero da chuvia ninguén ten culpa”.





Caderno da crítica

Literatura galega. Blog de Ramón Nicolás

14

“Ler é conquistar unha illa misteriosa”

Ningunha obra literaria é inocente, nunca o é, nunha ou noutra dimensión. Tras *O libro das viaxes imaxinarias* (2008) e *O país adormentado* (2012) abrazo a convicción de que Xabier P. DoCampo segue a manexar con habilidade esa rara virtude, por infrecuente, de converter as súas pezas narrativas en propostas susceptibles de moitas lecturas e interpretacións, todas elas diversas e lexítimas segundo quen se achegue a elas, claro é, mais en todas elas a historia que se relata atesoura sempre algo máis.

A nena do abrigo de astracán, ao meu ver, así o testemuña, e ese é un dos seus grandes méritos. O libro, feito a lume manso e contado maxistralmente cunha voz que se corresponde á vila na que acontecen os sucesos e que, ao tempo, é coral, pódese ler como unha novela que retrata a vida cotiá dunha vila galega da posguerra, pero difícil é quedar nesa lectura aséptica pois a súa plasticidade e honestidade atrapa axiña o sentimento de quen se achegue a ela: actívanos e promove a nosa participación. Poboada con personaxes sólidos difíciles de esquecer, aliméntase de múltiples historias aínda que a substancial pivote arredor das vivencias dunha nena que sofre en carne propia un estado de cousas que non chega a comprender e será no cine onde atope acougo ao seu espírito, arte á que se lle tributa unha homenaxe extraordinaria a través de sete escollidos títulos clásicos que balizan a estrutura do libro e que se converten en relatos acaídos a cada momento e intensidade da historia.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Sería inxusto non destacar, amais do rexistro expresivo envexable, como DoCampo fai que vexamos con naturalidade cousas máxicas que poden ocorrer cun espello no que se mira unha nena ou como nos faiados das casas de Ribadaínsua – territorio que xa acada o rango de espazo literario singular- hai voces, conciencias e presenzas dos que xa non están pero están.

DoCampo, en fin, constrúe un mosaico con teselas que teñen escritas palabras como son poder, silencio, abuso, indiferenza, medo, violencia, escurantismo, impunidade, insensibilidade diante da dor e tamén condición humana e dignidade. Todo esencializado cando se alude á imaxe dun ovo: o ovo do medo que se choca e do que sae o mal.

Na presentación dun libro seu o autor afirmaba que ler era conquistar unha illa misteriosa. Arremedando a súa sentenza a lectura deste libro supón, talvez, conquistar e entender o noso pasado, de onde vimos, como pesa a historia en nós e con canto silencio houbo que vivir.



15

OPINIÓN



Manuscritos d'A nena do abrigo de astracán

16

Ramón Nicolás, 20 Decembro 2017

No ano 2012 soliciteille a Xabier P. DoCampo algún manuscrito para ilustrar unha sección que mantña neste blog. Xabier enviárame aquilo que naquel momento tiña entre mans, isto é, anotacións e ideas para desenvolver o que hoxe podemos ler n' *A nena do abrigo de astracán*. Creo que resulta oportuno deixar hoxe aquí estes dous galanos de Xabier e reproduzo tamén os comentarios que acompañaran a dous apuntamentos anteriores:

[No primeiro documento vense] notas que non constitúen texto literario ningún pois, segundo o autor, *“este irá adquirindo forma máis tarde e directamente xa no ordenador. Isto non quere dicir que non existan manuscritos de propostas narrativas, que os hai, agás nos contos que son fragmentarios, porque hai anacos que fago manuscritos e anacos que fago directamente no computador, mesmo uns continuación dos outros”*.

O plano de traballo, deste xeito, aliméntase con esquemas, notas, planos..., recollidos en cadernos que, ao longo da ideación do libro, van canda el a todas as partes. No devandito manuscrito pódense observar o que son dúas páxinas que deseñan a chegada da protagonista da novela, unha nena de nove anos, a unha casa que desde ese momento será a súa: ideas que van e veñen, para quedar, para se modificar, para desaparecer nalgúns casos..., todas a revelar que o traballo é, sempre, intenso, absorbente e moi planificado.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPO A




[No segundo manuscrito obs\u00e9rvase] un anaco do esquema do segundo cap\u00edtulo no que se d\u00e1 “unha aparici\u00f3n da virxe moi particular (e, en boa parte, tirada dun feito real)”.

A novela, segundo o autor, era un proxecto de vello: *“comeceille dar voltas hai dez anos, non \u00e9, nin moito menos, unha novela infantil ou xuvenil. Levo traballado oito anos nela e qu\u00e9dame a\u00ednda moit\u00edsimo traballo por diante para dala por finalizada”*.

FONTE : CADERNO DA CR\u00cdTICA

DOCUMENTO 2





O 26 de xuño de 2018 Galiza chora o pasamento de Xabier P. Docampo

elCorreoGallego

Pesar polo pasamento do escritor Xabier P. Docampo

Aitor de obras tan coñecidas como O misterio das badaladas ou A chave das noces, tiña 72 anos de idade

19

La Voz de Galicia

A Costa da Morte dille adeus a Xabier P. Docampo

FARO DE VIGO

Morre o escritor Xabier P. Docampo, referente da literatura infantil e xuvenil

O literato, que tiña 72 anos, obtivo o Premio Nacional en 1995

ELPROGRESO

Morre o escritor lucense Xabier P. Docampo aos 72 anos

Freixanes: "Vaise un escritor de primerísimo nivel, sobre todo nun ámbito moi necesario que é a construción de lectores novos"



Xabier e a irmandade

27 DE XUÑO DE 2018, RAMÓN NICOLÁS

Xabier P. Docampo non empregaba fórmulas protocolarias ao uso nos seus escritos persoais. Case sempre engadía o termo «irmao», escrito así, dialectalmente, e un non podía deixar de se sentir membro dunhas novas e maravillosas Irmandades da Fala. Veume isto á cabeza cando teño que escribir sobre o seu legado literario, que é moito, xeneroso e brillante.

Acreditaba Xabier nos valores que carrega o concepto de «irmandade» entre as persoas próximas, claro é, mais estou certo que tamén o extrapolaba aos territorios onde se desen factores de confluencia no persoal, no ideolóxico, no laboral e no literario. E disto debo falar aquí, quer dicir, dese herdo «de irmandade» literaria que nos deixa Xabier constituído por un longo currículo de obras de literatura infantil e xuvenil e dúas propostas -sólidas e vizosas- para un público adulto como foron *O libro das viaxes imaxinarias* e *A nena do abrigo de astracán*. Unhas e outras danse a man nun contínuum sempre gozoso porque cada libro seu era sempre unha festa e un acto de amor. Todo o que fixo irmandouse mais non só por vir da mesma man senón porque a todo que creou lle aplicou as máximas de esixencia, de perfección formal, orixinalidade e esforzo. Por todo iso :

até sempre «irmao», e grazas!




Este texto publicouse O 27 de xuño de 2018, nas páxinas de [Cultura](#) de *La Voz de Galicia*

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



OUTROS LIBROS DE XABIER P. DOCAMPO NAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



Biblioteca e Centro de Documentación da Muller "Rosalía de Castro". Centro Cultural "As Torres". Avenida Emilia Pardo Bazán, 17. 15179 – Santa Cruz (Oleiros) Tfno.: 981 626338 Fax: 981626338 Email: biblioteca.santacruz@oleiros.org <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>